

BENVIDO /A A CINVIGO HOLMES!!

Gústanche os retos?

Veste capaz de descubrir as nosas pistas en Vigo?

Agardámoste o sábado 26 de abril na Porta do Sol.

XINCANA CINVIGO HOLMES: SERÁS O/A PRIMEIRO/A EN RESOLVER O MISTERIO?

Unha vez máis, os/as amantes das xincanas e da exploración poderán amosar as súas destrezas o sábado 26 de abril de 2025 na proba "CINVIGO HOLMES".

Esta xincana está dirixida a todas aquelas persoas que queiran gozar dunhas horas de emoción descifrando pistas que as levarán ó seu destino final!!

Terás que poñer a túa mente a traballar, porque... amosámosche unha actividade in mellorable para pasar unha mañá moi divertida recorrendo as rúas de Vigo.

Non quedes sen a túa PRAZA!

A continuación contámosche todo o que debes saber para participar!

Importante: A inscrición e participación na xincana CinVigo Holmes supón a aceptación das condicións que aplican ao evento CinVigo en termos da Lei de Protección de Datos (LOPD) e cesión de imaxes para fins promocionais.

BASES DO CONCURSO

CinVigo Holmes é unha competición enmarcada no evento CinVigo, en formato xincana urbana, con enigmas agochados na contorna do centro de Vigo.

Como novidade nesta edición CinVigo Holmes 2025, contamos cunha nova categoría de diversidade funcional, para aqueles/as participantes con limitacións de mobilidade.

Nota: A organización resérvase o dereito a cancelar ou modificar o evento en caso de forza maior, sen posibilidade de que as persoas participantes poidan reclamar calquera perxuízo á organización se así fose. Así mesmo, o comité organizador/xurado poderá denegar/expulsar da xincana a calquera participante/equipo que teña cometido algunha infracción durante o desenvolvemento da competición (isto inclúe a falsidade documental).

PARTICIPANTES E INSCRICIÓNS

Podo participar?

Se compres **ALGUNHA** destas opcións, agardámoste!

OPCIÓN 1: CATEGORÍA JÚNIOR

Condicións:

- Es menor de idade?
- Somos todos/as menores de idade no meu equipo?
- Teño autorización asinada do meu/miña titor/a legal?

Se a túa resposta é **SI ás tres preguntas, vémonos en CinVigo Holmes!**

Requisitos: Terase que presentar a autorización asinada polos/as titores/as de cada un dos membros do equipo para poder participar na xincana.

Importante: Sen a correspondente autorización asinada non se poderá participar, baixo ningunha circunstancia.

Atoparás o modelo de autorización a presentar ó final destas bases.

OPCIÓN 2: CATEGORÍA MINI

Condicións:

- Ó menos un/unha dos/das participantes do equipo é maior de idade?
- A metade do equipo é menor de idade?

Se a túa resposta é **SÍ ás dúas preguntas, vémonos en CinVigo Holmes!**

Requisitos: Os/as acompañantes maiores de idade serán responsables dos/as menores durante a duración de toda a xincana e deberán acompañalos/as ao longo de todo o percorrido.

OPCIÓN 3: CATEGORÍA TRICICLO

Condicións:

- Tes algunha limitación de mobilidade?
- Usas un triciclo como axuda de mobilidade?
- Ó menos, o 50% do equipo ten limitación de mobilidade?

Se a túa resposta é SI ás tres preguntas, vémonos en CinVigo Holmes!

Requisitos: No caso de participación de menores de idade, os/as acompañantes maiores de idade serán os/as responsables dos/as menores durante a duración de toda a xincana e deberán acompañalos/as ao longo de todo o percorrido.

OPCIÓN 4: CATEGORÍA CADEIRA DE RODAS

Condicións:

- Tes algunha limitación de mobilidade?
- Usas unha cadeira de rodas como axuda de mobilidade?
- Ó menos, o 50% do equipo ten limitación de mobilidade?

Se a túa resposta é SI ás tres preguntas, vémonos en CinVigo Holmes!

Requisitos: No caso de participación de menores de idade, os/as acompañantes maiores de idade serán os/as responsables dos/as menores durante a duración de toda a xincana e deberán acompañalos/as ao longo de todo o percorrido.

CONDICIÓNS XERAIS DOS EQUIPOS

1. **Queda estritamente prohibido tocar/manipular as pistas**. Tódalas pistas teñen que estar a disposición de tódolos equipos participantes. As pistas non poden ser retiradas, nin manipuladas por parte dos diferentes equipos; autorízase o emprego de fotografías das mesmas durante a proba. Se algún equipo/participante do equipo retira a pista do seu lugar ou a modifica, expulsarase a todo o equipo da competición.
2. No momento da inscrición, os/as participantes teñen que:
 - 2.1. Designar un/unha capitán/a do equipo.
 - 2.2. Darlle un nome ó equipo.
 - 2.3. Inscribirse nunha única categoría.
3. No momento da xincana, os/as participantes teñen que:
 - 3.1. Os/as participantes dun mesmo equipo deberán ir xuntos/as en todo momento.
 - 3.2. Todos/as os/as integrantes do equipo deberán estar presentes para o seu rexistro á hora indicada.
 - 3.3. Todos/as os/as integrantes do equipo deberán estar presentes no briefing (explicación previa) onde se darán as indicacións da proba (media hora antes do inicio oficial da xincana).
4. Número máximo de persoas participantes: **200**, por **rigorosa orde de inscrición**.

5. Prazo de inscrición online: ata o **venres 25 de abril ás 09:00 h da mañá**.
6. Só poderán participar aqueles equipos que se teñan inscrito previamente, e que proporcionen correctamente os datos requiridos.
7. A participación na competición desenvolverase exclusivamente en equipos, sen que sexa posible ningún outro formato de participación.
8. Os equipos estarán formados por un **mínimo de dous e un máximo de catro membros**.
9. Poderá incorporarse un suplente, que só participará no caso de que un/unha dos membros non poida realizar/continuar a competición. O equipo, unha vez constituído co suplente, deberá cumprir as mesmas condicións do equipo orixinal para poder seguir participando.
10. Os/as participantes só poden pertencer a un único equipo.
11. Durante a proba, recoméndase levar bolígrafo e papel de cara a usalo como soporte durante a xincana.
12. O uso do móbil está permitido.

Se o día do evento aínda hai prazas dispoñibles, abrírase un período de inscricións antes de que comece a xincana.

DESENVOLVEMENTO DA XINCANA

CinVigo Holmes consiste nunha xincana divertida na que os equipos terán que atopar pistas en distintas localizacións do centro de Vigo que os levarán ó seu seguinte destino ata chegar á meta.

Ó inicio da competición, os/as organizadores/as farán unha exposición sobre o "MISTERIO" a resolver, entregando ó/a capitán/a de cada equipo a súa "Primeira Pista".

Esta pista conducirá ós equipos a unha localización, onde haberá outra pista que conducirá a un novo punto de control, e así sucesivamente ata completar a xincana.

A competición arrancará dun mesmo punto (Porta do Sol) e á mesma hora (11:00 horas) para tódolos equipos.

PROGRAMACIÓN

09:30 -10:30	Rexistro de participantes
10:45 -11:00	Explicación Xincana
11:00 – 13:00	Xincana
13:30	Gañadoras/es

OBXECTIVO E CONDICIÓN DE CUMPRIMENTO

Terás que descifrar o enigma inicial formulado!!

Considerarase que os equipos teñen finalizado se:

- Resolven todos os enigmas.
- Rematan a xincana antes das 13:00h.
- Chegan todos os membros do equipo xuntos á meta. **O primeiro equipo de cada categoría en chegar á meta e que teña resoltos correctamente todos os enigmas, será o gañador!! No caso de non cumprir cos requisitos anteriores, darase a oportunidade ó segundo equipo en chegar á meta e, así, sucesivamente.**

***Importante:** De ter discrepancias nalgunha resposta do xogo, a organización terá a potestade de decidir cal debe ser a resolución. Se algún equipo non estivera de acordo, poderá comunicarllo á organización unha vez finalizada a xincana, e nos seguintes días esta porase en contacto co equipo. Esta medida serve para o correcto funcionamento e desenvolvemento da competición e evitar retrasos.*

PREMIOS

O equipo gañador de cada categoría recibirá un premio.

CONTACTO

Para calquera dúbida, podes contactarnos en cinvigo@uvigo.es

ESPERÁMOSTE!!

ANEXO I

AUTORIZACIÓN DE PARTICIPACIÓN DE MENORES

Evento.: CinVigo Holmes

Data: 26 de abril de 2025

PROXENITOR / TITOR/A LEGAL / RESPONSABLE: D/D^a con
D.N.I./N.I.E / Pasaporte TELÉFONO.....

MENORES:

- D.N.I./N.I.E..... idade.....
- D.N.I./N.I.E..... idade.....
- D.N.I./N.I.E..... idade.....
- D.N.I./N.I.E..... idade.....

O PROXENITOR, TITOR/A LEGAL ou RESPONSABLE manifesta:

- Que é pai/nai/titor/a legal, con patria potestade, garda ou custodia DOS/AS MENORES ou que foi debidamente autorizado por estes.
- O seu consentimento para que OS/AS MENORES poidan participar en CinVigo Holmes.
- Coñecer as características do evento e aceptalas sen restricións no seu propio nome e en representación DOS/AS MENORES.
- Que OS/AS MENORES son persoas sen ningún problema de saúde grave que poida poñer en perigo a integridade de calquera dos/as participantes do equipo.
- Comprometerse a transmitir ÓS/ÁS MENORES a obrigaón de cumprir as normas do evento e de respecto e convivencia en todo momento.
- Coñecer que OS/AS MENORES realizarán a actividade en distintas localizacións do centro de Vigo durante o horario estipulado.
- Que a Organización resérvase o dereito de expulsión do equipo completo por incumprimento das normas por parte dun/ha ou varios/as participantes de dito equipo.
- Acepta eximir á Organización de calquera tipo de responsabilidade, prexuízo, dano ou trastorno que poidan sufrir ou provocar OS/AS MENORES durante a duración da xincana.
- Que ceden os datos de este documento, e que se usarán exclusivamente para labores de xestión e/ou acceso ó EVENTO e que as imaxes do mesmo poderán ser publicadas e/ou compartidas en distintos medios divulgativos co fin de promocionar o evento.

En, a de de 2025